

Son unha noz

BEATRIZ OSÉS

Ilustracións de Jordi Sempere



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
INFANTIL



Son unha noz

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

BEATRIZ OSÉS

Son unha noz

PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA INFANTIL

rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Infantil segundo o ditame do xurado formado por: Teresa Colomer, Ángeles González-Sinde, Toni Iturbe, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro.

Título orixinal: *Soy una nuez*

© Texto: Beatriz Osés, 2018

© Ilustracións: Jordi Sempere, 2018

© Tradución: M.^a Xesús Gómez Sanjurjo

© Ed. Gal.: Rodeira, 2018

Rúa Rafael Alberti, 11, baixo

15008 A Coruña

www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41

contacta@edebe.net

Directora de Publicacións: Reina Duarte

Editora de Literatura Infantil: Elena Valencia

Deseño de colección: Book & Look

Primeira edición, marzo 2018

ISBN: 978-84-8349-544-5

Depósito legal: B. 2614-2018

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se precisa fotocopiar ou dixitalizar algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

Para os que buscan un lugar

Un caso insólito

Oxuíz Bruno Panatta apoiouse sobre os seus cóbados e observouno con moita atención.

—Quen es?

O neno case nin se atreveu a levantar os ollos do chan.

—Noz —contestou cun fío de voz.

—Desculpa? —o home contemplouno asombrado por riba das súas lentes pequenas e redondas.

—Son unha noz —repetiu convencido erguendo a vista.



—Paréceme que non me entendiches —sinalou o xuíz armándose de paciencia—. Pregunteiche quen es.

—Señoría, se mo permite —corrixuno a señora Marinetti levantándose do seu asento—, creo que o meu cliente o comprendeu e contestou a súa pregunta.

—Letrada, non me dea leccións —replícou ofendido mentres apartaba un rizo da perruca branca que se lle meteu no nariz—. Sei perfectamente que non estou a falar cun froito seco.

A avogada sentou e calou.

—Como te chamas, fillo? —interesouse o xuíz retomando o seu interrogatorio.

—Noz —insistiu.

—Pero a ver, é que hoxe todo o mundo



se virou tolo? —protestou pegando unha martelada na súa mesa.

—É unha noz —recalcou Rossana Mari-
netti ignorando o enfado de Panatta.

—E eu, un pistacho! —contestou o maxis-
trado furioso—. Mire, letrada, non sei que
lle pasa esta mañá. Se mo permite, está
vostede rarísima e este caso, sen dúbida,
resulta absurdo. Nunca, en toda a miña vi-
da, a vira comportándose así.

A muller fixouse nas puntas dos seus
botíns vermellos de tacón asomando por
baixo da mesa. Bruno Panatta tiña razón.
A avogada sentíase diferente, e o máis cu-
rioso, é que lle importaba un pemento.

—Cantos anos hai que nos coñecemos?
—preguntoulle o xuíz.

—Trinta e dous, señoría.



—Ben, pois en trinta e dous anos xamais a lembro actuando deste xeito tan surrealista. Sabe que estou a desexar xubilarme e vén aquí tomarme o pelo. Por que?

—Non estou de broma, señoría.

—Onde quere ir parar?

—Este neno, legalmente —afirmou rotunda mentres miraba o seu cliente—, é unha noz.

—O que me faltaba por oír, avogada! Esa vai ser a súa liña de defensa? «O meu cliente é unha noz» —imitouna en ton de burla—. Con ese argumento, o fiscal —dixo apuntando co martelo cara a un home delgado e vestido de negro que permanecera todo ese tempo en silencio— vaina machucar sen compaixón.

—Sería o primeiro xuízo que perdese



nesta sala —respondeu Marinetti cruzando os brazos diante do peito.

O xuíz quedou calado. Sabía, por experiencia, que aquela muller era un auténtico tanque xudicial, cunha memoria prodixiosa e un extraordinario coñecemento das leis. Daquela, a que se debía aquel cruzamento de cables? Presentar o seu defendido como unha noz non parecía unha boa estratexia. Aínda que, claro, tratándose dela, calquera cousa podía suceder.

—De acordo, letrada. Comece a súa exposición —ordenoulle—. Recoñezo que estou impaciente.